



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

BASES DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA 2022.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar, na modalidade de contrato laboral temporal de duración determinada por circunstancias da producción (atenderase ó Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo), a xornada parcial (75%) de 30h./semana, unha praza de técnico/a de información turística (CNAE A, grupo cotización B), cunha duración de 4 meses, tendo que rematar dito contrato como máximo o 31 de decembro de 2022.

As funcións a desempeñar serán as propias do posto e, por necesidade do servizo, puntualmente requirirse flexibilidade horaria.

Horario:

Xoves: de 13:00h.-19:00h.

Venres, sábados e domingos: de 10:00h.-14:00h. e de 15:00h.-19:00h.

2.- A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador/a será de 1.184,33 euros/mes.

SEGUNDA. PUBLICIDADE

A publicidade das bases farase mediante publicación dun anuncio das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina web municipal www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os anuncios sucesivos relativos a esta convocatoria faranse no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón, na páxina web www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (artigo 45.1.b da Lei 39/2015 do procedemento administrativo).

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para poder tomar parte no proceso selectivo será necesario que os/as aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos segundo o establecido no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo isto nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas (Anexo II).



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (Anexo II DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA).
- e) Posuér como mínimo o carné de clase B.
- f) Atendendo ao establecido no apartado específico, base 2, das bases de convocatoria do Programa DP0029/2022, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:
 1. Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
 2. Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
 3. Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
 4. Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo.
 5. Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
 6. Grao ou licenciatura en Humanidades.
 7. Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
 8. Grao ou licenciatura en Historia.
- g) Coñecemento de galego: mínimo Celga 4 ou equivalente.
- h) Pago da taxa de participación no proceso selectivo.

A taxa de participación no proceso selectivo son dezaoito euros (18 euros) conforme a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, e que se ingresará na seguinte conta do concello de Boqueixón:

ABANCA ES51 2080 0320 2031 1000 0344

Indicando como concepto do ingreso: Taxa TT 2022 e nome e apelidos do/a aspirante á praza.

Serán devoltos unicamente no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo.

Estarán exentas de aboar a taxa de participación as persoas que acrediten mediante Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social estar en situación de desemprego.

A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ao alcalde, en modelo que se engade como anexo II e demás documentación necesaria, na sede electrónica do concello de Boqueixón ou no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00h. a 14:30h. e solicitando cita previa), durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación do anuncio das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. No caso de ser presentadas noutros rexistros, e a efectos de realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a emprego@boqueixon.com antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Os/as aspirantes ó posto deberán presentar a seguinte documentación:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Anexo II.
- DNI ou equivalente.
- Titulación esixida segundo o disposto na base terceira desta convocatoria; que se acreditará co título orixinal ou fotocopia cotexada do mesmo, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Carné de conducir B.
- Certificado de coñecemento de lingua galega Celga 4 mínimo (ou certificado de validación das materias de lingua galega, de acordo co previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega).
- Xustificante bancario do pago da taxa de participación, se é o caso.
- Currículo Vitae do/a aspirante.
- Xustificantes acreditativos dos méritos alegados.

QUINTA. DESENVOLVEMENTO

Despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación da causa de exclusión. Esa resolución será definitiva de non haber persoas excluídas, e será publicada tal como recolle a base segunda.

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de cinco días naturais para achegar as alegacions das deficiencias sinaladas ao Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, na sede electrónica municipal ou noutrous rexistros (remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a emprego@boqueixon.com antes do remate do prazo). Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma e na que se aprobará tamén a composición da comisión seleccionadora, así como a data, hora e lugar para o comezo das probas selectivas.

SEXTA. COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora estará composta por 5 membros titulares e suplentes: un presidente/a, 3 vocais e o/a secretario/a. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 5/2015, de 30 de outubro, reguladora do Estatuto básico do empregado público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía tal como se indica na base quinta, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requírerase a presenza do presidente/a e do/a secretario/a ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do/a presidente/a do tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestiós que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que xurdan ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do órgano de selección nos que concorran algunha das causas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente/a. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da mesa cando concorran algunha das causas do artigo 28 da citada Lei.

O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos/as ou asesores/as cando o considere axeitado.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN:

1ª FASE: OPOSICIÓN. (Puntuación máxima: 10 puntos)

Esta fase ten carácter obligatoria e eliminatoria.

Consistirá na realización dun cuestionario tipo test con 20 preguntas sobre os temas relacionados no anexo I, dirixida a determinar os coñecementos dos/as aspirantes sobre a profesión e o municipio.

A puntuación mínima esixida para superar esta proba son 5 puntos. O exame tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. Cada resposta correcta puntuará 0,50 puntos e cada resposta errónea, restará 0,50 puntos.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Os/as aspirantes que non acreditasen documentalmente estar en posesión do certificado Celga 4 (ou superior) ou validación correspondente, tal como recolle a base 3ª, deberán realizar unha proba da lingua galega (oral e/ou escrita), cuxo nivel se corresponderá co esixido para o posto correspondente. Para superar este exercicio e esta fase, será necesario acadar o resultado de apto/a.

As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente pola comisión seleccionadora.

Por mor das medidas de prevención de contaxios fronte á COVID é obrigatorio o uso de mascarilla, xel desinfectante e distancia de seguridade.

Para a preparación da proba escrita os/as candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello ou por correo electrónico emplego@boqueixon.com unha copia do temario.

2ª FASE: CONCURSO. (Puntuación máxima: 7 puntos)

Fase obligatoria pero non eliminatoria. O baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

FORMACIÓN: (Puntuación máxima: 3 puntos)

Este apartado acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente dos títulos, diplomas ou certificados expedidos polo organismo ou centro correspondente, coa expresión do curso realizado, contido e número de horas.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A formación requirida como requisito mínimo non será available.

- Por posuir outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na base terceira apartado f) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar: **0,50 puntos por cada titulación ata un máximo de 1 punto.**
- Por posuir diplomas/certificados de cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais/ homologados, universidades nacionais/internacionais, colexios oficiais, escolas oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas funcións do posto a desenvolver.

Valóranse os cursos realizados integralmente, non os módulos realizados por separado e que integren un curso.

No caso de aportar títulos/certificados, que non sexan de coñecementos de idiomas, obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o/a aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución, pola entidade pública española competente ou tradución xurada realizada por intérprete/tradutor habilitado ao español ou galego. En caso contrario, non serán valorados.

Non se valorarán diplomas de realización obradoiros, xornadas, seminarios, simposios, só se valorará a realización de cursos formativos.

Terase en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os/as candidatos/as presentados/as, cando sexa a mesma formación con distintos niveis, é dicir, non son acumulables.

1) Doutoramento, máster/posgrao (experto universitario, técnico especialista universitario, etcétera) e outros cursos relacionados co sector turístico. **Máx. 1 punto:**

- Doutoramento: 1 punto
- Máster/ posgrao: 0,50 puntos
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,40 puntos
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,30 puntos
- Cursos de 20 a 49 horas: 0,15 puntos
- Cursos de 1 a 19 horas: 0,10 puntos

2) Coñecementos de idiomas. **Máx. 1 punto:**

- Cursos de inglés:
 - (1) nivel intermedio B1: 0.10 puntos
 - (2) nivel intermedio B2: 0,20 puntos
 - (3) nivel avanzado C1: 0,40 puntos
 - (4) nivel avanzado C2: 0.50 puntos
- Cursos de francés:
 - (1) nivel intermedio B1: 0.10 puntos
 - (2) nivel intermedio B2: 0,20 puntos
 - (3) nivel avanzado C1: 0,40 puntos
 - (4) nivel avanzado C2: 0.50 puntos
- Cursos de perfeccionamento de lingua galega:
 - (1) Celga 5: 0,50 puntos.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

O anexo IV recolle as validacións dos Celgas.

EXPERIENCIA LABORAL: (Puntuación máxima: 4 puntos)

A experiencia profesional no posto acreditarase mediante orixinais ou copias cotexadas fidedignamente do Informe de Vida Laboral da Tesoureira Xeral da Seguridade Social e mediante informe/certificación expedida pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.

Admitiranse becas ou prácticas laborais no posto, debidamente acreditadas como arriba se indica, sempre que cotizasen á Seguridade Social.

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán presentar o anexo III para solicitar a expedición da correspondente certificación.

- Traballos prestados como técnico/guía turístico, tanto na administración pública como en empresa privada: **por cada mes completo traballado 0,10 puntos.**

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

No caso de que a relación fose funcional deberá acreditarse mediante a resolución do nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesoureira Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e postos/prazas desempeñados, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada comisión seleccionadora, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estean suficientemente acreditados conforme ás bases.

Os méritos admisibles e valorables serán únicamente os presentados ata a data de finalización do prazo de presentación de instancias de solicitude de participación. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

No caso de empate na puntuación total terase en conta, prioritariamente, a puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e logo a obtida no segundo. No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apellido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2022 (letra "T", DOG núm. 24 do 4 de febreiro de 2022). Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apellido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apellido e finalmente polo nome.

OITAVA. LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a calificación de todos os exercicios, a comisión seleccionadora publicará a listaxe provisional de



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

titular e suplentes por orde de puntuación.

Abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación das alegacións ós resultados acadados. De non presentarse alegacións ou unha vez resoltas, elevarase a definitiva a listaxe. O/A aspirante coa más alta puntuación será o titular do posto, a proposta da comisión de selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a da praza obxecto da convocatoria.

As publicacións dos listados realizarase segundo se indica na base segunda.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

Establécese o período de proba legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período a persoa que o supere, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

O resto de aspirantes aprobados constituirán a lista de reserva. Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva derecho algúns en relación a outros procesos de contratación.

NOVENA: INCIDENCIAS.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbdidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ANEXO I. TEMARIO

- TEMA 1. Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.
- TEMA 2. Lei 7/2011 do 27 de outubro do Turismo de Galicia.
- TEMA 3. Libro O Pico Sacro: A Cova do Pico.
- TEMA 4. Inventario de recursos turísticos de Boqueixón.
- TEMA 5. Núcleos poboacionais de Boqueixón.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Nome e apelidos:

DNI:

Domicilio:

Teléfono:

Correo electrónico:

a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA 2022.

Presento a seguinte documentación:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.

DECLARACIÓN XURADA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Que non desempeña ningunha actividade no sector público ou privado delimitado na Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Posuír a capacidade funcional e psíquica para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.
- Ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo algunha enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.
- Acepto as condicións e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun Técnico/a de Información Turística 2022.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

O responsable de tratamiento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BOQUEIXÓN, con dirección LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE BOQUEIXÓN é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@boqueixon.es.

O acceso á condición de persoal laboral de CONCELLO DE BOQUEIXÓN efectuarase de conformidade coa OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso-oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que CONCELLO DE BOQUEIXÓN colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, únicamente desexo participar nos procesos de selección de CONCELLO DE BOQUEIXÓN, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

Por último, informámosselle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos.

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

O CONCELLO DE BOQUEIXÓN dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de CONCELLO DE BOQUEIXÓN LUGAR FORTE S/N, 15881 - BOQUEIXÓN (A CORUÑA); correo@boqueixon.es.

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumplimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS:

DNI:

DATA:

SINATURA:

A/A. ALCALDE DE BOQUEIXÓN



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ANEXO III

Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para a súa valoración na fase de méritos do proceso selectivo de 1 Técnico/a de Información Turística (2022)

Nome e apelidos:

DNI:

Domicilio:

Localidade:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e SOLICITA, para os efectos de valoración no apartado de méritos (experiencia laboral) neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón, de de 2022

A/A. ALCALDE DE BOQUEIXÓN



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ANEXO IV. CELGA: VALIDACIONES

O sistema de validacións dos Celga é o seguinte:

1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

- O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- Certificación do curso de iniciación e perfeccionamento de lingua galega.
- Certificación do curso de especialización en lingua galega para profesores de EXB.

2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 5 (Celga 5):

- O título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués).
- Calquera outro título de licenciatura, diplomatura ou equivalente, sempre que se acompañe de certificación de que se cursaron, polo menos, 18 créditos de lingua galega, e se estea en posesión do Celga 4.
- O certificado do ciclo superior de galego, expedido polas escolas oficiais de idiomas conforme ao programa previsto no Real decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os contidos mínimos correspondentes ao ensino especializado das linguas españolas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

Atendendo á ORDE de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecementos da lingua galega (Celga). (DOG. núm. 34 do 19 de febreiro de 2014) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A disposición adicional segunda queda redactada da seguinte maneira:

“Valoración de méritos e requisitos:

1. Para a valoración de méritos, naqueles casos nos que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos nos que se esixa o coñecemento da lingua galega, excepto para o estipulado na letra c) do apartado 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento (expedidas ao amparo da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) que posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente.

2. Nas bases das convocatorias de oposiciones, concursos de méritos ou en calquera outro procedemento estableceranse os niveis de lingua esixidos como requisito ou como mérito. Para iso, todos estes procedementos terán que axustarse ás convalidacións establecidas na presente orde”.

Para facer efectiva a validación débese proceder do xeito seguinte:

No caso de que o título ou certificado para validar corresponda ao ensino regrado preuniversitario, é dicir, EXB, Primaria, Secundaria ou Formación Profesional, a validación correspondente deberá solicitarse ao secretario/a do centro no que se estudou, xa que alí se custodian as cualificacións.

No resto dos casos, as validacións solicitaranse á [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#) da Xunta de Galicia.